



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Mesa Xeral da AEAT:
Instrucción de reincorporación progresiva ao posto de traballo**

Empezou a reunión o Subdirector de RR.LL informando do documento do Ministerio de Sanidade, do venres pasado, que incorpora dúas novas patoloxías ao colectivo de persoal vulnerable (insuficiencia renal crónica e enfermidade hepática severa), e tamén dunha condición persoal que se axusta á de persoal vulnerable (obesidade mórbida)

Sobre a polémica encol da Instrucción da Directora de RR.HH lanzada sen previa consulta ou negociación ca parte social o Subdirector de RR.LL asumiu toda a responsabilidade amparándose nunha lectura errónea da Resolución do Secretario de Estado de Política Territorial de 4 de maio. É unha mágoa que o gran traballo do Servizo de Prevención se vexa ninguneado polos responsables da AEAT, que toman decisións sen contar cos representantes dos traballadores.

Sen entrar en máis consideracións sobre este particular e remitíndonos ao escrito de protesta remitido pola **CIG** no seu día á Directora de RR.HH, a nosa intervención baseouse na protesta enérxica por como se está xestionando a reincorporación progresiva: desastre, caos, falta de información, desprecio aos lexítimos representantes do persoal, improvisación, disparidade de criterios (que podemos comprobar que non era só entre unhas Delegacións Especias e outras, senón dentro da propia D.E. e tamén dentro das Delegacións entre distintos Dependencias) En fin, e sen ánimo de ser catástofristas, un caos total.

Pedimos datos, pois non os temos, de qué servizos son esenciais, con qué número de traballadores se conta, en qué condicións se incorporarán. Información, a día de hoxe, cero.

Tamén lles pedimos que se comprometan a respetar a conciliación por cuestión de menores e/ou maiores a cargo e que se teña en conta a presenza de persoal vulnerable, para que non teñan que incorporarse nin voluntariamente, nin de ninguna maneira, ao traballo presencial.

Na Galiza, 22 de maio de 2020 .